



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS
AO CONSELLO ESCOLAR
CONVOCATORIA

De acordo coa *Segundo Resolución do 19 de setembro de 2022, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 **país/nais**, dun total de 2 que debe ter o Consello Escolar (haberá 1 pai/nai nomeado pola ANPA segundo sinala a lexislación).
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as o 21 de novembro
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio e na páxina web. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 17:00 horas do citado día 15 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 21 de novembro. Dita mesa electoral estará composta polo Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e tres país/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 27 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidencia da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio nin infrinxan as normas sanitarias. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación as nais e pais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP de Bormoio-Agualada

15003807

Campo da feira s/n
15148 Agualada (San Lourenzo)
☎ 881880546 📠 881880550
ceip.bormoio.agualada@edu.xunta.galhttp://www.edu.xun
ta.es/centros/ceipdebormoioagualada/



7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 29 de novembro, en horario que se comunicará**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, á hora que se comunicará en próxima circular.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un só nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o tutor legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Agualada, 4 de novembro de 2022
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Olaia Formoso Sammartín